



## CERTIFICACIÓN

Don Francisco Javier Novoa Juiz, secretario xeral do Concello de Vimianzo (A Coruña).

CERTIFICO:

Que a Alcaldía con data 25-05-2026, ditou a Resolución núm. 769/2026 que a continuación se transcribe:

**"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: NOMEAMENTO DE FÁTIMA GARCÍA ANTELO**

**EXPEDIENTE:** CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TRABALLADOR/A SOCIAL (A2), MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO CONCELLO DE VIMIANZO.

EXP. TEDEC: 2025/E001/000017

## ANTECEDENTES

A Alcaldía, con data 19/01/2026, ditou a Resolución 53/2026 que aprobou as bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a creación dunha bolsa de emprego para a provisión de postos de traballador/a social, como funcionario/a interino/a, cando se dea algunha das circunstancias establecidas no artigo 10.1 do TREBEP. Nesta Resolución declárase a necesidade e a urxencia da convocatoria do proceso selectivo para a formación da bolsa, conforme ao estipulado no art. 20, apartado 5, da lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2023, prorrogado para o ano 2026.

Con data do 21/05/2026, a Alcaldía asinou a Resolución 752/2026 aprobou a dita bolsa de emprego.

Publicouse o anuncio coa aprobación da bolsa e o primeiro chamamento con data do 21/05/2026 e a primeira da lista (Sra. García Antelo), comunicou a súa aceptación en prazo.

Consta o informe favorable da técnica de xestión de secretaría, con data do 25/05/2026, relativo ao cumprimento dos requisitos para o nomeamento.

Consta o informe favorable de Intervención con data do 25/05/2026, no que sinala que existe crédito con cargo ás aplicacións 231 12004, 231 12100, 231 12101, 231 16000, proxecto 2026/3/SBD26/5.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

As bases novena a undécima regulan a constitución da bolsa de traballo, os chamamentos e o nomeamento.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar o nomeamento de Fátima García Antelo, con DNI [REDACTED], como traballadora social no Concello de Vimianzo, como funcionaria interina, vinculada ao programa de xestión do cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Xunta de Galicia (Plan concertado) cunha duración inicial ata o 31/12/2026, susceptible de ser prórrogado (cunha duración máxima de 3 anos) sempre que persista o programa ao que está adscrita e exista crédito suficiente no orzamento correspondente, segundo a circunstancia establecida no artigo 10.1.c) do TREBEP e coas seguintes características:

Grupo/Subgrupo: A/A2

Escala: Administración especial

Subescala: técnica

Complemento de destino: 20

Complemento específico por mes: 525,49 euros.

Sistema de selección: concurso-oposición libre

Funcións e perfil competencial: ver a base 3ª das bases reguladoras

Relación xurídica: funcionaria interina por programas (art. 10.1c) TREBEP)

Área municipal: Acción social

Data de inicio: 26/05/2026

Xornada: 100%

**Segundo.-** Ordenar a publicación do contido desta resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

**Terceiro.-** Dar conta do contido desta resolución aos Servizos Económicos para a alta na Seguridade Social e demais trámites relacionados coa incorporación do traballador.

**Cuarto.-** Dar conta deste acordo na próxima sesión plenaria ordinaria.

Así o manda e asina a alcaldesa do que eu, secretario xeral do Concello de Vimianzo, dou fe.

A alcaldesa

O secretario xeral

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juiz"

E para que así conste, por orde e co visto e prace da Sra.alcaldesa, expido esta certificación, en Vimianzo.

A alcaldesa

O secretario xeral

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juiz